


Centro Público Integrado
CASTRO BAXOI



MIÑO

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAP. III - DOCUMENTO 7

PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO

NO CENTRO

CURSO 2023-24

PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO

Nos últimos cursos o noso centro participou en diversos programas propostos dende a Consellería cun obxectivo importante, adecuar a nosa práctica docente á realidade da nosa escola e as demandas da nosa sociedade. A atención á diversidade, unha das sinais de identificación do noso centro, xunto coa introdución das TICs e os temas de convivencia, son os centros de atención dos últimos cursos e que veñen demandando as nosas propostas de formación. Ademais de todo o anterior, durante este curso recibiremos a dotación de Polos Creativos e temos que ter unha formación específica ao respecto.

A partir destas premisas, deseñamos a proposta de formación para este curso con varias liñas de actuación segundo os centros de interese detectados:

1. Continuaremos co noso PFPP que iniciamos hai seis anos, **con tres liñas de traballo: Competencia dixital, competencia didáctica e competencia en educación inclusiva e coeducación.**

- **Xustificación:** As liñas de actuación deseñadas están en relación co traballo que é necesario realizar e os intereses manifestados polo profesorado durante o inicio de curso despois da formación recibida en cursos anteriores e unha charla.
- **Metodoloxía:** A propia dun PFPP, coas seguintes actividades:
 - **Cursos:**
 - Iniciación á metodoloxía Montessori.
 - A mirada apreciativa e os círculos restaurativos de diálogo.
 - **Seminarios:**
 - Iniciación á metodoloxía Maker nos polos creativos.
 - Iniciación á titoría entre iguais.
 - Aplicación na aula dos círculos restaurativos de diálogo e a mentalización para unha mellora do clima escolar.
 - Adaptar o noso centro á metodoloxía Montessori.

- Dinamización do club de ciencia.
- **Grupo de traballo:**
 - Formas de internacionalizar o noso centro educativo.
- **Temporalización:** durante o curso 23-24.
 - **Destinatario:** Profesorado das tres etapas.
2. Diferentes cursos de formación e actividades destinados ao profesorado relacionado cos diferentes programas nos que participa o centro:
 - PLAMBE.
 3. Diferentes cursos de formación e actividades destinados ao profesorado relacionados cos seus intereses e para a súa actualización didáctica ofertadas por los centros de formación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.